



**Programación
2º ESO TECNOLOXÍA
CURSO 2022-23**



1. Contexto
 1. Características do centro
 2. Características do alumando
2. Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumno)
3. Secuenciación e temporalización dos contidos.
4. Avaliación de estándares
5. Metodoloxía
 1. Estratexias metodolóxicas
 2. Outras decisións metodolóxicas
6. Avaliación
 1. Procedemento de avaliación inicial
 2. Procedemento de avaliación continua
 3. Procedemento de avaliación finalidade
 4. Procedemento de avaliación extraordinaria
 5. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos.
7. Outras avaliacións
 1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente
 2. Avaliación da programación didáctica
8. Atención á diversidade
 1. Medidas ordinarias organizativas
 2. Medidas ordinarias curriculares
 3. Medidas extraordinarias organizativas
 4. Medidas extraordinarias curriculares.
9. Actividades complementarias e extraescolares
10. Medidas COVID
11. Datos do departamento.



1. Contexto

1. Características do centro

- **Situación**

No centro conviven tres niveis educativos: Educación Infantil, Primaria e Secundaria que marca notablemente a organización e funcionamento do mesmo.

Dispoñemos de aula-taller de tecnoloxía con dúas zonas diferenciadas, unha para o desenvolvemento dos contidos teóricos, que dispón de ordenador, proxector e pizarra dixital e outro espazo para a realización dos proxectos, con mesas de traballo, estanterías, ferramentas e o material recibido coas dotacións da área de tecnoloxía.

Tamén dispoñemos de aula multimedia con oito ordenadores e pizarra dixital, aula de informática con quince equipos, aula de medios audiovisuais con ordenador, proxector e pizarra dixital e biblioteca con catro ordenadores para os alumnos.

O departamento está formado por 2 especialistas de tecnoloxía.

O departamento imparte tamén a materia optativa de informática en 4º ESO, a Edu. Plástica e Visual de 3º da ESO e a Iniciativa Emprendedora e Economía de 4º.

- **Centros adscritos**

O noso centro adscrito é o CEIP de Currelos que imparte E. Infantil e E. Primaria.

- **Ensinanzas que oferta o centro**

Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria.

- **Características singulares.**

Esta programación prepárase para un Centro Público Integrado nun entorno rural. Ubicado no concello de O Saviñao que ten unha extensión de 200 km, onde conviven uns 4000 habitantes. A poboación, está envellecida e en continua recesión. Hai poucos nacementos e aínda coa chegada de inmigrantes o alumno do centro baixa en cada curso académico.

O Saviñao pertence á Comarca de Lemos e ten en Monforte o centro urbano máis próximo, onde diariamente se despraza a xente do concello, ben a traballar ou para utilizar os seus servizos.

Non podemos esquecer que xunto con Chantada son os destinos que os nosos alumnos escollen para continuar os seus estudos no ensino secundario non obrigatorio.

No aspecto socio económico, destaca o alto número de poboación inactiva (un 55% do total). A poboación activa dedícase na súa maioría aos labores agropecuarios, e tendo en conta a crise que atravesamos o sector primario é doado ver a causa do preocupante descenso da actividade económica e o aumento do despoboamento no concello, propiciando unha lenta emigración ás cidades do contorno galego.

O entorno é rico tanto en recursos naturais, como en recursos histórico-artísticos. O patrimonio paisaxístico, histórico e etnográfico é de primeira magnitude o que propicia certas actividades culturais protagonizadas por distintas asociacións culturais e de veciños. O resto do ambiente cultural está marcado polas actividades que desenvolve o Centro, a Casa da Cultura, o Círculo Recreativo e a Fundación Xosé Soto.

2. Características do alumando

- **Lingua materna dominante**

Nos alumnos de secundaria é o Galego.

- **Alumnado con NEAE no curso actual**

Hai unha alumna á que se realizará a correspondente adaptación curricular.

- **Problemas sociais destacados: (Abandono escolar, poboación emigrante, absentismo violencia e/ou acoso escolar, etc..)**

Temos unha pequena porcentaxe de alumnos que abandonan o centro o cumprir os 16 anos sen obter o título de secundaria.

Tamén temos algúns alumnos emigrantes, pero que levan anos no centro e non teñen problemas de integración.

En canto a violencia e acoso non temos casos no centro.

- **Outras características.**

Os nosos alumnos pertencen ao entorno rural, medio no que se desenvolven. Por este motivo sempre se tentará de relacionar os contidos que se dan na aula co entorno rural no que se moven os alumnos. E dicir coa mecanización agraria, explotacións gandeiras e xeración de enerxía hidráulica e solar fotovoltaica. Estas dúas fontes de enerxía atópanse próximas ao centro.

2. Obxectivos (adaptados ao contexto do centro e do alumno)

- **Adaptados ao contexto do centro e do alumnado**

1	Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
2	Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
3	Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
4	Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos decalquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
5	Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
6	Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
7	Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o



	sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
8	Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
9	Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
10	Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
11	Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
12	Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
13	Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
14	Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

- **Propios da materia**

1	Desenvolvemento de habilidades e métodos para identificar as necesidades, formular solucións aos problemas técnicos, e proxectar e construír os obxectos que os resolven.
2	Apréndese a interpretar e producir documentos técnicos, para o que se deben adquirir técnicas básicas de debuxo e de manexo de programas de deseño gráfico.
3	Características, as propiedades e as aplicacións dos materiais técnicos como as técnicas de traballo con ferramentas e máquinas, e os comportamentos relacionados co traballo cooperativo e cos hábitos de seguridade e saúde.
4	Fenómenos e os dispositivos asociados á electricidade, a forma de enerxía máis utilizada nas máquinas e nos sistemas de control.
5	Utilizar eficientemente as ferramentas dixitais
6	Intégranse coñecementos de carácter matemático e científico



7

Identificar e a seleccionar solucións aos problemas técnicos, realizar cálculos e estimacións, e a planificar a realización de actividades de deseño, de montaxe e de verificación das características dos prototipos

3. Secuenciación e temporalización dos contidos.



Avaliacións	UNIDADES DIDÁCTICAS		Materiales	Temporalización		Probas
	Nº	Identificador		Contido	Mes	
1ª Avaliación	1	B1.1	B1.1. Fases do proxecto tecnolóxico. A tecnoloxía como resposta ás necesidades humanas.	APORTADOS POLO PROFESOR	sep	
		B1.2	B1.2. Deseño de prototipos ou maquetas para resolver problemas técnicos.			
		B1.3	B1.3. Planificación e construción de prototipos ou maquetas mediante o uso responsable de materiais, ferramentas e técnicas axeitadas.		Ou	
		B1.4	B1.4. Traballo en equipo. Distribución de tarefas e responsabilidades. Seguridade no contorno de traballo.			
		B1.5	B1.5. Documentación técnica. Normalización.			
	2	B2.1	B2.1. Bosquexos, esbozos, vistas e perspectivas. Cotación e escalas. Normalización.		Nov	
		B2.2	B2.2. Elementos de información de produtos tecnolóxicos: esbozos e bosquexos.		De	
B2.3		B2.3. Documentación técnica asociada a un produto tecnolóxico. Aplicacións informáticas de deseño asistido por computador e de simulación.				
2ª Avaliación	3	B3.1	B3.1. Materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos.	APORTADOS POLO PROFESOR	xa	
		B3.2	B3.2. Propiedades dos materiais técnicos.			
		B3.3	B3.3. Técnicas de traballo cos materiais para a fabricación dos obxectos técnicos. Ferramentas do taller.		feb	
		B3.4	B3.4. Normas de seguridade e saúde no taller.			
	4	B4.1	B4.1. Estructuras: elementos, tipos e funcións.		Marzo	
		B4.2	B4.2. Esforzos básicos aos que están sometidas as estruturas.			
		B4.3	B4.3. Mecanismos de transmisión e transformación do movemento en máquinas e sistemas.			
3ª Avaliación	5	B4.4	B4.4. Relación de transmisión.	APORTADOS POLO PROFESOR	Abril	
		B4.5	B4.5. Simuladores de sistemas mecánicos.			
		B4.6	B4.6. Circuitos eléctricos: compoñentes básicos, funcionamento e simboloxía.		Maio	
	B5.1	B5.1. Elementos dun equipamento informático.				
	6	B5.2	B5.2. Deseño, elaboración e comunicación de proxectos técnicos coas tecnoloxías da información e da comunicación.		Xuñ	
B5.3		B5.3. Programación de aplicacións informáticas. Estructura e elementos básicos dun programa informático.				

4. Avaliación de estándares

BLOQUE		1. Proceso de resolución de problemas tecnolóxicos														
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estandar	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación	Instrumentos			competencias clave						
							Probas obxetivas	Productos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
10%	30%	CL, EOE, CA, TIC, EMP, EC PV	TEB 1.1.	TEB1.11.	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	25,00%		90,00%	10,00%	12,5%	5,00%	9,00%	6,25%	25,00%	11,00%	50,00%
			TEB 1.2.	TEB1.2.1	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	25,00%		90,00%	10,00%	12,5%	4,00%	9,00%	6,25%			
				TEB1.2.2.	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	25,00%		90,00%	10,00%		4,00%		6,25%		11,00%	
				TEB1.2.3.	Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	25,00%		90,00%	10,00%				6,25%	25,00%	11,00%	
BLOQUE		2. Expresión e comunicación técnica														
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estandar	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación	Instrumentos			competencias clave						
							Probas obxetivas	Productos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
25%	30%	CL, EOE, CA, TIC, EMP, EC PV	TEB 2.1.	TEB2.1.1	Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala.	40,00%	50,00%	40,00%	10,00%		5,00%		6,25%			
			TEB 2.2.	TEB2.2.1.	Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	30,00%	50,00%	40,00%	10,00%		4,00%		6,25%			
			TEB 2.3	TEB2.3.1	Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	30,00%		90,00%	10,00%	12,5%	4,00%	9,00%	6,25%			
BLOQUE		3. Materiais de uso técnico														
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estandar	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación	Instrumentos			competencias clave						
							Probas obxetivas	Productos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
25%	30%	CL, EOE, CA, TIC, EMP, EC PV	TEB3.1.	TEB3.1.1	Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	25,00%	50,00%	40,00%	10,00%	12,5%	5,00%					
				TEB3.1.2	Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	25,00%		90,00%	10,00%		4,00%		6,25%			
			TEB3.2.	TEB3.2.1.	Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	25,00%		90,00%	10,00%		4,00%		6,25%	25,00%		
				TEB3.2.2.	Elabora un plan de traballo no taller con especial atención ás normas de seguridade e saúde.	25,00%		90,00%	10,00%		4,00%		6,25%	25,00%	12,00%	

BLOQUE		4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos														
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estandar	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación	Instrumentos			competencias clave						
							Probas obxetivas	Productos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
25%	30%	CL, EOE, CA, TIC, EMP, EC PV	TEB4.1	TEB4.1.1	Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	15,00%		90	10,00%	12.5%	4,00%	9,00%				
				TEB4.1.2	Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	10,00%	50,00%	40,00%	10,00%		4,00%		6.25%			
			TEB4.2	TEB4.2.1	Describe, mediante información escrita e gráfica, como transformane transmiteno movemento distintos mecanismos.	5,00%		90,00%	10,00%	12.5%	4,00%					
				TEB4.2.2	Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	15,00%	50,00%	40,00%	10,00%		4,00%					
				TEB4.2.3	Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	10,00%		90,00%	10,00%	12.5%	4,00%					
				TEB4.2.4	Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizadas sistemas mecánicos.	10,00%		90,00%	10,00%		4,00%	9,00%				
				TEB4.2.5	Deseña e monta sistemas mecánicos que cumpran unha función determinada.	10,00%		90,00%	10,00%		4,00%		6.25%	11,00%		
			TEB4.3	TEB4.3.1	Deseña e monta circuitos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	15,00%		90,00%	10,00%		4,00%		6.25%	11,00%		
				TEB4.3.2	Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	10,00%	50,00%	40,00%	10,00%		4,00%	9,00%	6.25%	11,00%		

BLOQUE		5. Tecnoloxías da información e da comunicación														
Peso do bloque	Grao mín. de consecución	Temas Transversais	Id. do criterio	Id. do estandar	Estándares de aprendizaxe	Peso na cualificación	Instrumentos			competencias clave						
							Probas obxetivas	Productos	Observación	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC
15%	30%	CL, EOE, CA, TIC, EMP, EC PV	TEB 5.1	TEB5.1.1	Identifica as partes dun computador.	20,00%	50,00%	40,00%	10,00%		4,00%	9,00%				
			TEB 5.2	TEB5.2.1	Manexa programas e software básicos.	20,00%		90,00%	10,00%		4,00%	9,00%				
				TEB5.2.2	Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	20,00%		90,00%	10,00%		4,00%	9,00%				
				TEB5.2.3	Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	20,00%		90,00%	10,00%	12.5%	5,00%	9,00%	6.25%	11,00%		
			TEB 5.3	TEB5.3.1	Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	20,00%	50,00%	40,00%	10,00%		4,00%	10,00%	6.25%	11,00%	50,00%	

- No caso de que, por maneira xustificable, algún dos bloques quede sin impartir o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.
- No caso de que, por maneira xustificable, algún dos estándares quede sin impartir o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.
- No caso de que, por maneira xustificable, algún dos instrumentos quede sin impartir o seu peso repartirase ponderadamente entre o resto.
- Trátase de unha avaliación continua, na que en todo momento se teñen en conta os estándares e temas tratados ata ese momento
- Non se pode ter menos dun 3 nunha proba obxetiva para acadar avaliación positiva nese tema



- Non se poden ter máis de 2 temas suspensos para acadar avaliación positiva na materia

5. Metodoloxía

1. Estratexias metodolóxicas

- **Aspectos xerais**

Sempre teremos en conta os coñecemento previos para marcar o punto de partida. Ao mesmo tempo, plantésaxe o traballo a realizar polo alumnado cuya complexidade irá en aumento co fin de irse adaptando a todo tipo de ritmos e alumnado.

As liñas metodolóxicas da materia serán:

- A aprendizaxe baseada en retos (traballo máis individual)
- A aprendizaxe baseada en proxectos (traballo máis colaborativo)

O emprego das TIC nesta materia é, evidentemente, parte do traballo diario, xa que doutro xeito sería imposible.

- **Estratexias metodolóxicas**

Como ven indicamos no punto anterior as liñas metodolóxicas de traballo nesta materia serán:

- A ABR plantexando ao alumnado dun xeito individual pequenos retos que vaian incorporando as capacidades de xeito progresivo.
- A ABP plantexando o traballo en grupo e que terá como finalidade un proxecto

Secuencia habitual de traballo na aula

De xeito xeral, a secuencia de traballo será:

- a) Introducción dos conceptos por parte do profesor realizando unha peza ao mesmo tempo que o alumnado
- b) Plantexamento do reto a superar por parte do alumnado aplicando os elementos introducidos.
- c) Entrega dos arquivo na aula virtual.
- d) Posta en común das solucións acadadas.

A avaliación do traballo será mediante rúbricas expostas na aula virtual e coñecidas polo alumnado previamente á entrega do traballo

Insistimos en qu esta secuencia será a xeral pero non a única, xa que, iniciado o curso e, en algúns dos conceptos a acadar, a secuencia podese modificar coa intención de que se adapte o máis posible á realidade da aula nese momento.

2. Outras decisións metodolóxicas

- **Agrupamentos**

Empregaranse tres tipo de agrupamentos:

- x Invidual: no momento de seguir algunha explicación de conceptos novos por parte do profesor.
- x Parellas: a hora de resolver os pequenos retos plantexados. O traballo será por parellos pero cada un dos alumnos deberá entragar o seu propio traballo.
- x Grupos: máximo 5 alumnos, mínimo 3. Para o proxectos e a participación en concurso.

- **Tempos**

Unha sesión semanal de 50 minutos, neste curso serán os:

- x Mércores de 15:25 a 16:15.



- x Xoves de 12:10 a 13:00
- x Venres de 12:20 a 13:10

- **Espazos**

Aula de referencia do grupo que é unha aula abalar e tamén a aula de informática e o taller de tecnoloxía.

- **Materiais**

Ordenador abalar, aula virtual, elementos de traballo na nube dependendo do progreso do alumnado.

- **Recursos didácticos**

Serán aportados polo profesor e almacenados na aula virtual do centro

6. Avaliación

1. Procedemento de avaliación inicial

- **En que data se realizará?**

Na primeira sesión de clase.

- **En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)**

Partirase dunha serie de preguntas orais coa intención de coñecer cal debe ser o punto de partida ao mesmo tempo que servirá como xornada introdutoria á materia.

- **Como se informará á familia?**

Serán informados de xeito oral e transmitido polos propios alumnos.

- **Cales serán as consecuencias dos resultados?**

Marcarán o punto de inicio de cada un dos bloques, se ben a programación está pensada para partir dende cero, esta axustarase a un punto de partida superior se fora posible.

2. Procedemento de avaliación continua

- **Con que temporalización se farán probas escritas(cada tema, dous, tres, cuántas por trimestre ou avaliación, etc.?)**

Tendo en conta a temporalización descrita no punto 3, a avaliación de estándares recollida no punto 4 e a metodoloxía, mencionada no punto 5 desta programación, non se faran probas escritas nesta materia.

- **Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo na libreta, observación. Ponderación, redondeo, ...**

Véxase o punto 4 desta programación. En canto ao redondeo estamos limitados polo xade que só permite número enteiros, polo tanto serán notas redondeadas ao número enteiro seguindo as normas de redondeo das matemáticas.

- **Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,....**

Véxase o punto 4 desta programación. En canto ao redondeo seguiranse os mesmos criterio que no punto anterior.

- **Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?**

Marcaráanse en cada unha das actividades que leven como método de avaliación a observación. Entro outros estarán, a orde, limpeza, repeto aos compañeiros, etc.

- **Como se recupera unha proba non superada?**

Realizarase unha proba de recuperación sempre que o pida o alumnado que non a supere ou aquel que quera mellorar a nota.



- **Como se recupera unha avaliación non superada?**

Ao tratarse dunha avaliación contínua, as diferentes actividades desenvolvidas ao longo do curso permiten unha nova avaliación de estándares anteriormente non superados

3. Procedemento de avaliación final

- **Quen debe ir á avaliación final?**

O que non alcance un mínimo dun 5 na materia, quen non alcance o mínimo esixido en cada uno dos bloques, marcado no punto 4 desta programación ou quen non teña aprobadas todas as avaliacións.

- **En que consistirá a proba?**

Será unha proba escrita na que se preguntará polas parte non superadas.

- **Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...**

Na proba, avaliaránse como mínimo o 50% dos estándares pendentes.

- **Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?**

A cualificación final terá en conta todos os estándares traballados e avaliados no curso coa ponderación reflexada no apartado 4 desta programación

4. Procedemento de avaliación extraordinaria

- **Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.**

Realizarase unha proba resumo de todo o curso.

- **Como se cualifica, redondeos, etc?**

A cualificación queda reflectida no punto 4, en canto ao redondeo empreganse a norma matemáticas ata o enteiro superior se o decimal é maior ou igual a 5 e ata o enteiro inferior se o decimal é menor de 5

5. Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes.

- **Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?**

A avaliación plantexada non contempla as avaliacións dun xeito individual senón que os estándares traballados e avaliados vanse engadindo a nota do alumno. Non obstante plantearase unha proba extraordinaria a petición do alumnado coa materia pendente.

Plantexamos una recuperación dos estándares non acadados e polo tanto un traballo individual que leve a mellorar a cualificación do estandar. Os prazos de entrega e as características deste traballo dependeran dos diferentes estándares que sexa necesario recuperar.

- **Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)**

Como xa mencionamos, esta programación contén una avaliación contínua real, é decir, en cada momento teranse en conta todos os estándares traballados e avaliados segundo queda reflexados no punto 4.

- **Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?**

Na cualificación final teranse en conta todos os estándares traballados e avaliados durante o curso. Sempre que o alumno/a acade o mínimo esixible en cada un dos bloques terá como nota a resultante das ponderacións reflectidas no punto 4.

No caso de que non chegue ao mínimo esixible establecido a súa nota non será nunca superior ao 4.

A cualificación e aponderación queda reflectida no punto 4, en canto ao redondeo empreganse a norma matemáticas ata o enteiro superior se o decimal é maior ou igual a 5 e ata o enteiro inferior se o decimal é menor de 5.

Sempre en cando estean aprobadas todas as avaliacións, realizarase a media.

- **Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?**

Nesta materia non hai probas

- **Como se cualifica, redondeos, etc?**

A cualificación queda reflectida no punto 4, en canto ao redondeo empreganse a norma matemáticas ata o enteiro superior se o decimal é maior ou igual a 5 e ata o enteiro inferior se o decimal é menor de 5

7. Outras avaliacións

1. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala			
(Indicadores de logro)				
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanase explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorporáanse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2. Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

- **Con que periodicidade se revisará?**

Levarase un control en cada unha das reunións de departamento convocadas

- **Que medidas se adoptarán en caso de desfase?**

Reaxustaranse as actividades para poder levar a cabo toda a avaliación de estándares previstas, en caso de que o axuste necesario leve a supresión dalgún elemento recollido no punto 4 desta programación procederase coa seguinte priorización ata axustala ao tempo restante.

- x Eliminaranse algúns dos instrumentos de algúns dos estándares
- x Eliminaranse algúns dos estándares
- x Eliminaranse algúns dos bloques

Ditos cambios quedaran reflectidos nas diferentes reunións de departamento e transmitirase a información ao alumnado afectado polo cambio



2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica

Escal a		
------------	--	--

(Indicadores de logro)	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao				

alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

8. Atención á diversidade

1. Medidas ordinarias organizativas

- **Adecuouse a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?**

- a) **Agrupamentos diferenciados para alumnos/as ou grupos?**

Non foron necesarias nesta materia

- b) **Tempos diferenciado, horarios específicos, etc.**

Non foron necesarias nesta materia

- c) **Espazos diferenciados?**

Non foron necesarias nesta materia

- d) **Materiais e recursos didácticos diferenciados?**

Dado o punto de partida de dous alumnos plantexáronse elementos iniciais diferenciados co xeito de acadar os obxetivos plantexados.

- **Faise algún desdoblamento de grupos?**

Non

- **Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula?**

Non

- **Faise algún reforzo e/ou apoio fóra da/s aula/as a algún alumno/a?**

Non para esta materia. Se ben o profesorado queda a disposición do alumnado durante os recreos para poder solventar dun xeito individual aquelas dúbidas e problemas que podan ir surxíndolle.

- **Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?**

O centro non dispón de aula de convivencia

2. Medidas ordinarias curriculares

- **Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?**

Non

- **Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?**

Non



- **Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?**
Si, pero non lle afecta a esta materia
- **Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?**
Non, se ben é posible plantexar actividades de ampliación se fora necesario.
- **Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.**
Se unha vez iniciada o curso apreciamos a necesidade de ampliación aplicarase.

3. Medidas extraordinarias organizativas.

- **Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?**
Non hai nesta materia.
- **Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?**
Non hai
- **Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(AL. estranxeiro)?**
Non hai
- **Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?**
Non hai

4. Medidas extraordinarias curriculares.

- **Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?**
Non
- **Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?**
Non
- **Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?**
Non
- **Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?**
Non
- **Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc.**
Non exista a coordinación xa que non hai tales apoios nesta materia

9. Actividades complementarias e extraescolares

Todas as actividades complementarias e extraescolares previstas nesta materia están recollidas na PXA do centro

10. Medidas COVID

A materia non se está afectada polo confinamento debido á covid ao ser unha materia que se inicia neste curso.

En canto as medidas a adoptar en cada uno dos escenarios posibles:



- **Escenario de presencialidade**
Empregarase á aula virtual do centro como canal de traballo e comunicación de apoio á docencia presencial
- **Escenario de semipresencialidad**
A docencia presencial realizarase de acordo ao escenario de presencialidade exposto no punto anterior e a docencia non presencial de acordo ao exposto no seguinte punto.
- **Escenario on line**
A docencia realizarase de xeito asíncrono mediante a aula virtual do centro e de xeito síncrono mediante a plataforma webex ou no seu defecto, aquela outra que aporte a administración.
As actividades adaptaránse ao entorno virtual na súa totalidade, sendo as forma de cualificación e a ponderación exactamente igual ao escenario presencial.
As probas de coñecementos obxetivas tentaranse facer de xeito presencial, de non ser posible, adaptaranse ao entorno virtual que a aula Moodle do centro nos proporciona. A súa ponderación será idéntica a ponderación reflexada para o escenario de presencialidade

11. Datos do departamento.

Materia	Curso	Grupos	Profesor/a
Programación	2º ESO	A	Gabino González Vega
Tecnoloxía	2º ESO	A	Gabino González Vega
Tecnoloxía e Dixitalización	1º ESO	A	Gabino González Vega
Tecnoloxía	4º ESO	A	Gabino González Vega
TIC	4º ESO	A	Gabino González Vega